

Concello de Outes

Expediente núm.- 291/2019

DECRETO DE ALCALDÍA

CORRECCIÓN ERROS BASES INFORMADOR TURÍSTICO

D. Manuel González López, Alcalde do Concello de Outes (A Coruña),

Considerando que se ten apreciado un erro por omisión nas bases para a convocatoria e selección, por concurso-oposición, de dous técnicos de turismo (Programa de subvencións oficinas de turismo - Deputación da Coruña), na súa Base III (requisitos dos aspirantes), apartado 1.e) requisitos xerais/titulación esixida;

Vistas as Bases específicas que complementan as bases reguladoras xerais das convocatorias de subvencións da Deputación, publicadas no BOP núm. 240, de 18/12/2018;

En virtude das previsións contidas nos artigos 48, 52 e 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Incrementar as titulacións aceptadas para a presentación de instancias no proceso selectivo arriba citado, de tal xeito que, en suma, ditas titulacións resultan ser:

1. Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.
2. Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.
3. Grao ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado.
4. Dobre grao en Ciencias Empresariais e Turismo.
5. Grao ou licenciatura en Historia da Arte.
6. Grao ou licenciatura en Humanidades.
7. Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio
8. Grao ou licenciatura en Historia.

SEGUNDO.- Ampliar o prazo de presentación de solicitudes en dous días hábiles.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución na páxina web e na sede electrónica corporativa.

Concello de Outes

Outes, na data que figura á marxe.

O Alcalde,

D. Manuel González López.

Ante min,

A Secretaria da Corporación,

D^a Míriam Naveira Dono.